



CONTRUÍNDO UN DISCURSO COMÚN

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

ASOCIACIÓN GALEGA DE REPORTEIR@S SOLIDARI@S

EDUCO

ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

GRUPO DE TEATRO DXS ORPIMIDXS 100TOLAS





PREGUNTÁNDONOS...

POR QUE “O MUNDO QUE QUEREMOS” PRECISA DUN DISCURSO COMÚN?

Cooperación Galega: O Mundo Que Queremos (OMQQ) é un proxecto de Educación para a Cidadanía Global que naceu non ano 2013 co obxectivo de promover que o alumnado galego de secundaria sexa consciente da interconexión que existe entre as realidades locais e as dinámicas globais, fomentando deste xeito a súa conciencia crítica e corresponsabilidade.

É un proxecto financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que forma parte da plataforma de innovación educativa ‘Plan Proxecta’, impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No ano 2017-2018 o consorcio de OMQQ estivo formado por tres ONGD, Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Reporteir@s Solidari@s (Agareso) e EDUCO; e ademais participaron como parte do equipo de traballo o Grupo de Teatro dxs Orpimidxs 100Tolas, e a ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP).

Esta unión, que dende o primeiro momento constituíu unha gran fortaleza para o proxecto, fixo patente tamén unha debilidade do mesmo: a falta dun traballo colectivo na procura dun discurso común ben traballado que caracterice ao proxecto en si mesmo e transcenda dos propios discursos de cada entidade. Un discurso común para que no Mundo Que Queremos todos falemos o mesmo idioma.

Para construír este discurso que definise OMQQ, as entidades participantes no proxecto, reuníronse para reflexionar conxuntamente e chegar a acordos, dando lugar o seguinte documento.

DEFINÍNDONOS....

QUE É “O MUNDO QUE QUEREMOS”?



Xogos de rol

Educación para a Cidadanía Global

Interconexión local-global

Transformación social

Comunicación: Radio e vídeo

Co-Responsabilidade

Teatro da Oprimida

O Mundo que queremos é un proxecto de Educación para a Cidadanía Global que ten por obxectivo promover que o alumnado de secundaria sexa consciente da interconexión que existe entre as realidades locais e as dinámicas globais, para fomentar a conciencia crítica e traballar a co-rresponsabilidade que todas e todos temos na construción da xustiza social. Este ambicioso obxectivo abórdase ao longo de todo o curso académico a través de varias sesións na aula, nas que a través de xogos de rol, radio e vídeo, teatro da oprimida, un encontro con persoas de países onde traballa a cooperación galega, e un proxecto de visibilización, sensibilización ou denuncia, o alumnado reflexiona sobre a desigualdade social e constrúe os seus propios discursos, participando, deste xeito, na transformación da súa realidade.

Conciencia crítica

Encontros interaccionáis

Xustiza Social

Cooperación para o desenvolvemento

Equidade/Desigualdade

Visibilización / Sensibilización/ Denuncia

Reflexión/Participación

COÑECÉNDONOS...

SEIS PARADAS PARA TRABALLAR NO MUNDO QUE QUEREMOS



Durante todo o curso académico, o alumnado que participa en OMQQ coñece as problemáticas que afectan aos países empobrecidos, pero tamén ao seu propio entorno, a través de dinámicas innovadoras e participativas como xogos de rol, obradoiros de radio e vídeo, teatro da oprimida ou a visita ás súas escolas de persoas que traballan en outros países fomentando a transformación dos mesmos.

O proxecto divídese en varias fases, con paradas mensuais moi distintas, pero todas deseñadas para que ao final do curso o alumnado teña **unha visión máis completa, tanto dos contidos que aborda a Cooperación Internacional como das ferramentas que teñen na súa man para contribuír á loita contra a desigualdade global y local.**

1ª PARADA: DECEMBRO: XOGOS DE ROL

A primeira parada de **O Mundo que Queremos** achega aos centros educativos a través de dinámicas como os xogos de rol, un debate e unha reflexión sobre temas como a desigualdade de xénero, o desenvolvemento sostible, ou a corresponsabilidade ...conceptos complexos, pero que a través de accións lúdicas son máis sinxelos de comprender. Nesta sesión os alumnos e alumnas coñecen tamén os ODS, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, que son o marco conceptual onde se sitúa o proxecto.

2ª e 3ª PARADA: XANEIRO-FEBREIRO: RADIO E VÍDEO

A segunda e terceira parada son unha parte central do proxecto xa que buscan que os rapaces e rapazas interioricen as problemáticas abordadas a través de ferramentas como a radio ou o vídeo, e con elas constrúan as súas propias mensaxes e discursos. Pasan deste xeito, de seren

consumidores de contidos a converterse en creadores dos mesmos, formando así parte activa do cambio e contribuíndo á transformación social.

4ª PARADA: MARZO: TEATRO DA OPRIMIDA


No mes de Marzo o alumnado participante coñecerá o Teatro Foro, unha das técnicas do Teatro da Oprimida. Os mozos e mozas compartirán coa protagonista, unha muller migrante, as dificultades que se vai atopando no camiño. Ao final entre todas e todos buscarán alternativas ás situacións de opresión que vive.

5ª PARADA: ABRIL: ENCONTROS INTERNACIONAIS

A penúltima parada será no mes de abril coa visita de dúas persoas que traballan dende os seus países para transformar a realidade. A través das súas experiencias vitais e a súa colaboración en proxectos financiados pola cooperación galega, contaránlle ao alumnado como loitan contra a desigualdade dende as súas comunidades, desmontando moitos dos prexuízos que poidan existir sobre os seus países.

6ª PARADA: O ACTO FINAL

No mes de maio (ou a determinar polo centro), os mozos e mozas presentarán publicamente unha mostra de todo o traballo feito durante o ano. Estas presentacións teñen o obxectivo de amplificar as mensaxes elaboradas polo alumnado e convidar ao resto da comunidade a coñecelas.



ESTABLECENDO...

O NOSO PROPIO DISCURSO, OS NOSOS CONCEPTOS CLAVE

1. EDUCACIÓN PARA A CIDADANIA GLOBAL

Trátase dun proceso educativo socioafectivo encamiñado a xerar unha conciencia crítica sobre a realidade mundial, promovendo unha cidadanía global politicamente activa e comprometida, tanto no plano individual coma no colectivo; e mobilizando á sociedade en accións de transformación social a favor dun desenvolvemento humano xusto, equitativo e sustentable, no marco do respecto aos Dereitos Humanos.

2. ADOLESCENCIA

A adolescencia constitúese como unha etapa da vida que se define por ser de transición e cambio. De transición entre a infancia e a vida adulta, e de cambios corporais, de identificacións, de relacións, de referentes, de intereses, etc.. Durante a adolescencia os comportamentos vense alterados como manifestación dunha procura da identidade na que o mozo/a enfróntase a un corpo que cambia, uns roles sociais que cambian, e, en definitiva, un “eu” que cambia. Por iso para OMQQ traballar con mozos e mozas adolescentes e presentarlles referentes que propoñan unha sociedade mais xusta e igualitaria, supón unha gran oportunidade.

3. CONEXIÓN LOCAL-GLOBAL

OMQQ utiliza diversos mecanismos para potenciar unha cidadanía cun sentido global, persoas que se recoñecen como pertencentes a unha comunidade mundial de iguais, preocupados polos temas colectivos e que

reclaman o seu protagonismo no desenvolvemento dos procesos sociais e políticos, tanto de aquí como de alá.

4. RESPONSABILIDADE/CO-RESPONSABILIDADE

OMQQ impulsa ó alumnado a tomar parte activa como cidadáns e cidadás en contextos relevantes de poder. Participar é implicarse no que estás a facer; propor e actuar. É unha responsabilidade individual e voluntaria, e ao compartirse chamámola co-responsabilidade. Nesta co-responsabilidade colectiva é onde descansa a participación de OMQQ.

5. REFLEXIÓN/PARTICIPACIÓN/ACCIÓN

OMQQ procura fomentar a participación do alumnado para que acaden un maior nivel de autonomía, de liberdade e de responsabilidade social. Busca por tanto, que o alumnado sexa consciente desa capacidade que ten de poder mudalas cousas que non lle gustan a través da participación, isto é, reflexionar, formular as súas opinións, buscar toda a información precisa, formalizar algunha acción...etc.

Materialízase no proxecto nas actividades 2,3 e na 6, cando lles damos a oportunidade de construír “algo” xa sexa un vídeo, un programa de radio ou unha acción de visibilización, sensibilización ou denuncia. Acción como última parte da participación: ser parte para cambiar as cousas.

6. VISIBILIZACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-DENUNCIA

Visibilizar: facer visible artificialmente o que non pode verse a primeira ollada. Con esta acción ademais de difundir ou comunicar, inténtase mostrar a realidade, situación ou problemática de certas persoas que non sempre son coñecidas e sobre as que non necesariamente as persoas ou a sociedade teñen un interese aparente.

Sensibilizar: quizais esta acción sexa a que xere máis dificultades porque implica lograr un cambio de actitude ou opinión sobre unha determinada situación ou problemática social. O obxectivo será que un determinado público e ata a sociedade cambie a súa visión ou crenza con respecto de un determinado feito.

Pensar, sentir e actuar: así se constrúe a sensibilización non seu sentido social xenuíno. Non se trata de lograr simplemente unha reacción emotiva e individual, que podería ser compatible coa cultura dominante. Tratar de partir do coñecemento e da reflexión sobre o que nos indigna ou emociona, para concluír nunha acción social coherente. Porque a sensibilización como práctica solidaria debe ser activista e colectiva, cidadá pois.

Denunciar: ten mais que ver coa mobilización cidadá e a presión política. Chámaselle ao reclamo dun conxunto de persoas unidas polo mesmo obxectivo, ou finalidade social, xa sexa contra o Estado, contra algunha empresa ou suxeito particular, contra a realización de determinados actos, etcétera, que ten como obxectivo lograr a modificación do estado de devandita cuestión, impulsora da queixa ou do conflito. Ademais pretende facer coñecer ao resto da sociedade a existencia do problema.

7. DESIGUALDADE SOCIAL

Cando un grupo ten máis poder ca outro, a raza, a etnia, a relixión, o xénero ou a condición económica etc., poden usarse como unha lexitimación das relacións de dominación sexa en forma de colonización, explotación, desprazamentos forzados, escravitude ou ata o exterminio do outro. De aí, a importancia de desmontar e desenmascarar as explicacións bioloxizantes e naturalizantes das diferenzas entre os individuos e os grupos, que son utilizadas dende o poder como instrumentos de lexitimación da desigualdade. Ser conscientes de que as diferenzas non están baseadas en “esencias” ou características “naturais” das persoas e os grupos, senón que son construcións sociais e culturais formadas en contextos políticos e históricos particulares, é unha das primeiras tarefas a realizar para poder cuestionar e transformar as situacións de desigualdade social.

8. EQUIDADE/ IGUALDADE

En teoría, equidade e igualdade son dous principios estreitamente relacionados, pero distintos. A equidade introduce un principio ético ou de xustiza na igualdade. Unha sociedade que aplique a igualdade de xeito absoluto será unha sociedade inxusta, xa que non ten en conta as diferenzas existentes entre persoas e grupos. E, ao mesmo tempo, unha sociedade onde as persoas non se recoñecen como iguais, tampouco

poderá ser xusta: «a igualdade é ética e a equidade é política».

O concepto de igualdade de xénero parte de idea de que todas e todos somos iguais en dereitos e oportunidades. A Igualdade é unha meta a conseguir. O problema aquí, é que se parte do feito real de que non temos as mesmas oportunidades, pois estas dependen do contexto social, económico, étnico, político e cultural de cada persoa. O obxectivo, por exemplo, non é tanto que mulleres e homes sexan iguais, senón conseguir que uns e outros teñan as mesmas oportunidades na vida.

Por equidade de xénero enténdese o trato imparcial entre mulleres e homes, de acordo ás súas necesidades respectivas, xa sexa cun trato equitativo ou cun diferenciado pero que se considera equivalente no que se refire aos dereitos, os beneficios, as obrigacións e as posibilidades. O obxectivo de lograr a equidade de xénero, a miúdo esixe a incorporación de medidas específicas para compensar as desvantaxes históricas e sociais que arrastran as mulleres.

9. COMUNICACIÓN PARA O CAMBIO SOCIAL

Corrente da comunicación que destaca o potencial desta como xeradora de cambios sociais e de desenvolvemento. A práctica dunha serie de actitudes, valores, e habilidades que permiten a construción dunha cidadanía reflexiva, crítica e solidaria a través de ferramentas como a radio ou a creación audiovisual. A comunicación é entendida como un dereito fundamental, que facilita a análise crítica das realidades, xera diálogo e mobiliza para o cambio.

10.COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO.

A Cooperación para o Desenvolvemento aglutina o conxunto de políticas, actividades, proxectos e programas elaborados para colaborar con persoas, pobos, rexións ou países que precisan de apoios para mellorar as súas condicións de vida, para desenvolver plenamente as súas potencialidades ata alcanzar unha vida digna e autónoma. Aínda que non exenta de contradicións, a Cooperación para o Desenvolvemento é a cara máis humana das relacións internacionais.

Tanto no Norte como no Sur a Cooperación para o Desenvolvemento debería fomentar a creación de discursos e prácticas alternativas ao modelo neo-liberal, a participación en redes locais e internacionais, as accións de sensibilización, investigación, denuncia, formación, concienciación de persoas e axencias implicadas na cooperación. A reflexión, a formación de redes, as mobilizacións, a loita contra a uniformidade cultural e contra o pensamento único vincula a moitos axentes da cooperación cos movementos sociais que propoñen unha globalización alternativa. Opoñerse ao dominio financeiro e apostar polos dereitos humanos, o medioambiente, a diversidade cultural, a equidade de xénero, implica un exercicio de desaprendizaxe de vellas prácticas xerárquicas ou autoritarias en beneficio da participación interna e entre as contrapartes Norte-Sur.

A Cooperación Galega é o conxunto de todas as actuacións que dende a Administración pública e os distintos axentes de cooperación se levan a cabo cos fondos da Xunta de Galicia no eido da cooperación para o desenvolvemento.

11. TEATRO DA OPRIMIDA (TO)

É unha metodoloxía e unha práctica teatral que pretende analizar as realidades opresivas e as relacións de poder a través de medios estéticos e o diálogo entre os e as oprimidas, para combatelas. O método e a formulación teórica deste teatro con sentido pedagóxico e de transformación social foron desenvolvidos polo dramaturgo, actor, director e pedagogo teatral Augusto Boal e o seu equipo nos anos 60-70.

O teatro foro é unha das técnicas do TO (quizais a máis emblemática) onde a barreira entre o escenario e a platea é suprimida polo diálogo. Conta unha escena teatral baseada en feitos reais, na cal as persoas oprimidas e opresoras entran en conflito, de xeito claro e obxectivo, na defensa dos seus desexos e intereses. No enfrontamento, a persoa oprimida fracasa e o público é estimulado por quen exerce de Curinga (a persoa facilitadora do TO) a entrar en escena, substituír á persoa protagonista (a oprimida) e a buscar alternativas para o problema que se acaba de representar. Así consegue transformar ós e ás espectadores en protagonistas da acción dramática.

12. PAISES DO SUR

Sur é o termino politicamente correcto e amplamente aceptado, que se usa para designar a aquelas rexións ou países que antes se definían como parte do terceiro mundo, de países subdesenvolvidos, países non alienados, países en vías de desenvolvemento, países empobrecidos.

O Norte, perde o seu sentido estritamente xeográfico para converterse nun termino que serve para aglutinar baixo ese eufemismo ao primeiro mundo, occidente, a todos os países chamados ricos, desenvolvidos. Os países enriquecidos, estean no norte ou no sur xeográfico, todos habitan na latitude Norte da abundancia de bens, do dominio tecnolóxico, do poderío económico e da forza militar.

13. CONCIENCIA CRÍTICA

É a disposición a observar, a recibir información diversa e a analizala para, finalmente extraer conclusións propias e fundamentadas. Dubidar, xerar preguntas, indagar, investigar. Confrontar os sesgos persoais, emitir opinións propias e estar disposta a reconsideralas.

14. TRANSFORMACIÓN SOCIAL

Habitualmente é utilizado polas forzas alternativas ao sistema social dominante para designar a procura e posta en práctica de novas formas de organización colectiva, en pos duns valores supostamente máis xustos (Solidariedade, igualdade, liberdade) e a eliminación de diversos tipos de discriminación (económicas, de estatus, etnia, etc.).

OMQQ supón unha aposta implícita e explícita pola transformación social, na medida que pretende concienciar sobre a gran Desigualdade Norte-Sur (ademais doutras fontes de desigualdade) e pretende animar o avance cara a Xustiza Social.

15. XUSTIZA SOCIAL

O concepto de xustiza social xurdiu a mediados do século XIX para referirse á necesidade de lograr un reparto equitativo dos bens sociais. Nunha sociedade con xustiza social, os dereitos humanos son respectados e as

clases sociais máis desfavorecidas contan con oportunidades de desenvolvemento. Interesase por saber que todo o mundo pode levar unha vida digna e preocupase polas desigualdades producidas polos actos dos seres humanos.

16.SOLIDARIEDADE

A solidariedade é un valor por excelencia que se caracteriza pola colaboración mutua que existe entre os individuos e por non quedarse indiferente ante situacións adversas, dolorosas, inxustas, etc.

BIBLIOGRAFÍA

DICCIONARIO DE EDUCACION PARA EL DESARROLLO/ HEGOA

[http://publicaciones.hegoa.ehu.es/uploads/pdfs/62/Diccionario de Educacion para el Desarrollo.pdf?1488539200](http://publicaciones.hegoa.ehu.es/uploads/pdfs/62/Diccionario_de_Educacion_para_el_Desarrollo.pdf?1488539200)

COOPERACION GALEGA

<https://cooperacion.xunta.gal/>

COORDINADORA GALEGA DE ONGDS

<https://galiciasolidaria.org/a-coordinadora/xunta-directiva/>

ONU

<http://www.un.org/es/about-un/>

ESPECIALISTA EN IGUALDAD

<https://especialistaenigualdad.blogspot.com/2013/10/diferencias-entre-equidad-e-igualdad.html>

[INSTITURO](#)

SOCIAL CO

<https://www.socialco.es/es-lo-mismo-sensibilizar-difundir-comunicar-y-visibilizar/>

